



INFORME de legalidade sobre o proxecto de orde pola que se publica o modelo actualizado de solicitude de complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/os pensionistas da seguridade social na súa modalidade non contributiva para a súa presentación na Comunidade Autónoma

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación co “proxecto de Orde pola que se publica o modelo actualizado de solicitude de complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/os pensionistas da seguridade social na súa modalidade non contributiva para a súa presentación na Comunidade Autónoma”, emite o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

Ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17ª da Constitución española, o Estado ten a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social. No marco da dita competencia aprobouse o Real Decreto 1191/2012, do 3 de agosto, polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento de pensión para o aluguer de vivenda a favor dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva.

O artigo 33.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, establece que en materia de Seguridade Social corresponderalle a Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, non sendo as normas que configuran o réxime económico da mesma. Correspóndelle tamén á Comunidade Autónoma a xestión do réxime económico da Seguridade Social en Galicia, sen prexuízo da Caixa Única.

O Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva (BOE nº 186, do 4 de agosto de 2012), regula as normas necesarias para o recoñecemento, tramitación e o pagamento do complemento anual de pensión previsto no apartado IV.3 do anexo I.A do Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

No dito Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, establece, no seu artigo 3 que a tramitación do procedemento para o recoñecemento deste complemento de pensión e a emisión da resolución que poña fin ao dito procedemento corresponde a os órganos competentes das respectivas Comunidades Autónomas, Deputacións Forais do País Vasco e Navarra, e Direccións Territoriais do Instituto de Maiores e Servizos Sociais de Ceuta e Melilla, que teñen atribuída a competencia para a xestión das pensións non contributivas da Seguridade Social.

Na Xunta de Galicia, a Consellería de Política Social asume, de conformidade co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, o exercicio das competencias en materia de asistencia social, correspondéndolle propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais incluíndo, entre outras, as políticas de benestar social e inclusión social. Especificamente, a través do órgano de dirección competente en materia de inclusión social, lle corresponde xestionar as prestacións económicas derivadas do Real decreto lexislativo 8/2015,





do 20 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, no relativo ás prestacións non contributivas e outros réximes vixentes de carácter transitorio.

Con data 19 de agosto de 2016, publicouse a Orde do 4 de agosto de 2016, pola que se publican os modelos actualizados de solicitude de complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva para a súa presentación na Comunidade Autónoma de Galicia, referida ás solicitudes correspondentes ao exercicio 2016 de conformidade co dito Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, e o artigo 45.dous da Lei 48/2015, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016.

Tras a entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Consello da Xunta de Galicia do aprobou as «Guías para a habilitación electrónica de procedementos e formularios» que teñen como obxectivo axudar aos órganos e unidades da Administración xeral e do sector autonómico de Galicia na elaboración de normas que regulan procedementos administrativos e facilitar o cumprimento da normativa en materia de Administración electrónica, a simplificación administrativa e a utilización de novas ferramentas de tramitación administrativa. Así mesmo, cómpre a necesidade da publicación do modelo de solicitude para as sucesivas anualidades de xeito permanente. A súa actualización, se é necesario, se realizará na sede electrónica da Xunta de Galicia.

O exposto configúrase dentro do marco competencial que fundamenta o presente proxecto normativo.

2. Necesidade e oportunidade

De acordo co anterior, procedeuse a unha revisión, de conformidade coas previsións recollidas nas novas guías para a habilitación electrónica, do formulario de solicitude do procedemento BS650F “complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/os pensionistas da seguridade social na súa modalidade non contributiva” e do procedemento de presentación na Xunta de Galicia, circunstancia que determina a publicación do novo modelo actualizado e a presentación da solicitude na Comunidade Autónoma nas sucesivas anualidades.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidos nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O centro directivo da dita consellería promotor (Dirección Xeral de Inclusión Social) remitiu á Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica o texto do Anteproxecto da orde (versión 15/02/2017) acompañado dos documentos que de seguido se relacionan, de conformidade co artigo 41.2 apartados a), b), d) da Lei 16/2010, do 17 de decembro:

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade.
- Unha memoria económico-financeira.
- Unha táboa de vixencias.

O texto do Anteproxecto divídese, tras o título e a parte expositiva, na súa parte dispositiva en cinco artigos, na parte final de dúas disposicións derradeiras e o Anexo de solicitude (BS 650F)





Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración da orde asinado pola persoa titular da Consellería de Política Social o 8 de febreiro de 2017 (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo de Apoio Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica, elaborou o preceptivo informe con data 15 de febreiro de 2017 e obtivo a aprobación inicial do agora proxecto pola persoa titular da Consellería e competente en materia de asistencia social con data 15 de febreiro de 2017 (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Aprobada inicialmente a disposición, o proxecto da orde publicouse na páxina web da consellería (Portal de transparencia e goberno aberto) na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, con data 20 de febreiro de 2017 indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo, prazo que rematou o 10 de marzo de 2017 (artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro). Non consta recepción de suxestións a través da páxina web.

Coa apertura do trámite de audiencia o proxecto remitiuse ás demais consellerías da Xunta de Galicia sendo recibidas alegación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia que recorda o procedemento de habilitación na sede electrónica tendo en conta as novas guías e a necesidade de recabar o informe tecnolóxico-funcional. Así mesmo, a Consellería de Sanidade recomenda a revisión do título ao comprender o proxecto un só anexo, así como a revisión da referencia ao órgano competente para emitir a resolución. A Consellería de Facenda recorda a necesidade de solicitar o informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. As suxestións das consellerías recibidas foron tidas en conta no proxecto da orde.

Na tramitación do proxecto e ao abeiro do exixido no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solitaronse os informes aos órganos que se relacionan:

- . Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade que formula recomendacións na utilización non sexista da linguaxe normativa que se recollen no texto do proxecto.
- . Informe conxunto tecnolóxico-funcional da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa-Amtega que previamente formulou unha serie de observacións, principalmente no referente á constancia do prazo da emisión da resolución e notificación, así como sobre o sentido do silencio que foron tidas en conta utilizando a fórmula da remisión á norma reguladora estatal, o Real Decreto 1191/2012, do 3 de agosto.
- . Informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
- . Informe do Consello Galego de Benestar Social, órgano colexiado no que están representadas as entidades interesadas.

Así mesmo, o proxecto foi remitido á Federación Galega de Municipios e Provincias que non emitiu suxestións.

De conformidade coa tramitación da fase intermedia, do resultado do estudo das alegacións e os informes recibidos, achégase novo texto do proxecto de orde coa seguinte estrutura (versión 21.03.2017):

Título

Parte expositiva

Parte dispositiva:

Artigo 1. *Obxecto*





Artigo 2. *Presentación de solicitudes*

Artigo 3. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

Artigo 4. *Comprobación de datos*

Artigo 5. *Resolución e notificación*

Artigo 6. *Tramites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Parte final:

Disposición adicional única. *Datos de carácter persoal*

Disposición derradeira primeira. *Actualización de modelos normalizados*

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Anexo-Solicitud. BS 650F

Na fase final o expediente someteuse ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica que o emite con data 23 de marzo de 2017.

4. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o proxecto someterase á aprobación da persoa titular da Consellería de Política Social.

De acordo co indicado considerase que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte PROPOSTA:

Informar favorablemente o proxecto de orde pola que se publica o modelo actualizado de solicitude de complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/os pensionistas da seguridade social na súa modalidade non contributiva para a súa presentación na Comunidade Autónoma, conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital do presente informe

O subdirector xeral de Coordinación Administrativa

Jacinto Álvarez Somoza

Logo de ver a proposta do subdirector xeral de coordinación administrativa, considerase que o proxecto de orde pola que se publica o modelo actualizado de solicitude de complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/os pensionistas da seguridade social na súa modalidade non contributiva para a súa presentación na Comunidade Autónoma, se axusta á legalidade vixente, polo que se informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital do presente informe

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

